

Ética e Filosofía do Dereito (2º de Bach.)

A materia de Ética e Filosofía do Dereito está deseñada para dotar o alumnado de instrumentos e ferramentas de análise que lle permitan abordar os distintos niveis de códigos normativos dos que está entretecida a vida nas sociedades contemporáneas, complexas e plurais no moral e no ideolóxico. Estas ferramentas inclúen as teses e os conceptos básicos legados polos principais teóricos que reflexionaron sobre o feito moral e sobre as normas xurídicas.

No que ten que ver coa ética, debe contribuír ao desenvolvemento da conciencia crítica do alumnado e da súa capacidade para elaborar racional e autonomamente principios e normas universais.

Polo que se refire á filosofía do dereito, preténdese ofrecerlle ao alumnado unha primeira aproximación ao mundo do dereito, no que atinxe tanto á súa caracterización, á súa estrutura e á súa dinámica, como á problemática da súa validez, do seu sentido e da súa xustificación.

Por último, a materia pretende que o alumnado reflexione sobre os ámbitos da xustiza, a democracia e os dereitos humanos, como espazos ideais de contacto entre o xurídico, o político e o moral, que deben funcionar como metas e patróns de todo proxecto práctico.

A materia está estruturada en catro bloques. O primeiro trata os temas clásicos da ética descritiva e a metaética. O segundo, dedicado á ética prescritiva, presenta as teorías sobre o ben moral dos pensadores e das pensadoras máis salientables da historia da filosofía. O terceiro refírese ao tema do dereito, tanto de xeito descritivo, expondo o máis básico dunha teoría do dereito, como de xeito fundacional, presentando as posturas que se dan sobre a validez e o sentido das normas xurídicas. Por último, o cuarto bloque está dirixido á reflexión sobre a xustiza, a democracia e os dereitos humanos como ideais morais e xurídicos para a cidadanía do século XXI.